

Xavier Alcalá, escritor.

Naceu en Ciudad Real, aínda que asegura que non ten outra patria máis que Galicia. Mesmo chega a ameazarnos con que si o botamos teremos un problema. Xavier Alcalá confesa que o único que lle apetece facer nesta vida, ademais das súas aventuras tecnolóxicas e impartir clase, é escribir novelas. ¿E que rapaz non leu na escola *A Nosa Cinza?*, un libro publicado en 1980 que xa vai pola edición número once.

“Os escritores somos uns sicópatas que necesitamos fabular”

SUSANA EVANGELISTA

Aínda que de profesión enxeñeiro de telecomunicacións, Xavier Alcalá sente unha necesidade de fabular que o leva a escribir. Dende 1970 é colaborador da prensa, escritor de contos e novelas e letrista de cancións.

- ¿Era un reto escribir en galego durante o franquismo?

- O mesmo que agora, porque poida que dende o punto de vista político o galego teña algún significado máis pero dende o punto de visto cultural non o ten. A agresión do galego por parte do castelán segue sendo a mesma, ou aínda máis intensa.

- ¿Pódese falar dunha xeración de escritores da década dos 70?

- Pode haber unha xeración, dando por suposto que unha xeración non implica ser do mesmo ano, pero si de anos próximos para dar un produto definitivo. Hai un grupo de homes que deciden nun momento dado rompe-lo prexuízo de que non se pode facer un produto cultural en galego porque é unha lingua de segunda. Nós decidimos dar un salto apoiándonos nos novos medios de comunicación e na literatura.

- ¿O proceso de normalización cambiou a situación do galego?

- Non é o mesmo porque hai un proceso de normalización e hai uns medios de comunicación galegos. Eu son un autor querido e admirado neste país que vende masivamente os seus libros. Pero se eso é unha realidade, tamén o é que se dá unha situación cultural na que son tantos os elementos de produción e difusión da cultura externa, que fan que a xente pense que o normal é o que vén de fóra. Entón non sei cal será a mellor situación, ás veces teño saudade do franquismo.

- ¿Que se pode facer contra iso?

- O que falta neste momento en Galicia é que haxa unha coordinación total de esforzos para dúas cousas, para defender o propio dentro de Galicia, e para vende-lo produto cultural galego nun entorno liberalizado como no que estamos. Seguimos nun contexto cultural en España dentro do cal o que é periférico por principio é desprezable. O embaixador croata en Bosnia dicíame que a diferenza que vía entre a ex Iugoslavia e España era que España era unha civilización, pero como civilización entendémola os que non somos os serbios do sistema, os de Madrid son os serbios do sistema.

- Vostede defende como elemento normalizador a música.

- Levo trinta anos pensando que a canción é un elemento cultural fundamental, o importante é que se popularice unha canción cantada en galego con estruturas que partan do propio país. Intentando facer o que conseguiu Andrés do Barro, asaltar Madrid dende Galicia.

- ¿Volverá a traballar coma letrista?

- Pediume Ana Kiro que lle fixese algunhas letras. O de facer letras é algo que considero necesario, non o fago como algo que me arrastre, sobre todo vendo o estupor e o desastre dos intentos de canción galega que hai ó meu redor que non teñen transcendencia. Xa me dirás ti o rock bravú onde vai parar.

- A *nosa cinza* foi unha novela recomendada nos institutos, ¿cre que hai que escribir para os mozos, ou poden entender calquera tipo de novela?

- *A nosa cinza* non é unha novela xuvenil, é unha novela intimista que ten un éxito social absurdo. Chega un momento no que eu mesmo non o entendo. Véndese porque é unha novela recomendada e porque se merca e se le por impulso natural. É unha novela que ten o éxito do natural. Síntome moi orgulloso dela porque é a novela menos pretenciosa de todas cantas escribín. Quixera que formase parte do popular.

- Nos Pagos de Huinca Loo tratou o tema da emigración, que parece algo esquecido na literatura actual galega.

- Que fagan os autores galegos como queiran, eu mentras viva tirarei do produto da emigración porque é unha fonte infinita de aventuras. O propio feito de emigrar é xa unha aventura. E tan basta a epopea da emigración dos galegos, que se podería facer unha fábrica de literatura da emigración.

- ¿Cal é o proceso que segue á hora de facer unha novela?

- Eu sempre vampirizo algo. Como intento ser un escritor realista teño que partir dunha historia. Normalmente parto dunha historia que coñezo dalgunha maneira. Sitúo a novela no tempo, vexo o contexto histórico, o contexto social e o contexto étnico. Cando estou claro de que non vou cometer erro en canto ó contexto, comezo o desenvolvemento da historia básica e despois vou abrindo de maneira arbórea os elementos. Fastídiame moito que me pillen nalgún erro histórico, anacronismos ou anacolutos. Por iso sométoa ó criterio dos que poden lela.

- ¿Este xeito de esquematizar facilítalle o seu traballo de columnista?

- Non, porque cando o discurso é moi breve, normalmente é produto dalgo que me impactou ou dalgo que está xa moi claro na miña cabeza. O que me falta é espacio, e esto oblígame a recortar.

- ¿Cando sentiu por primeira vez a necesidade de escribir?

- Os escritores somos uns sicópatas que necesitan o que necesitan tódolos humanos, fabular. Nós temos unha tendencia sicopática que só se equilibra deixando por escrito a nosa necesidade de fabular.

- A pesar de nacer en Ciudad Real, ¿séntese completamente galego?

- Non. Eu teño un amigo que sempre di de min que étnicamente non podo ser galego, son un ser foráneo. Sen embargo, eu non teño outra patria e se me botades os galegos de aquí é un problema para min e tamén para vós, porque son en certo modo un personaxe crítico porque non pertence de todo pero o coñece perfectamente. Penso que tódalas culturas necesitan de presencias foráneas, pero integradas; o malo é cando hai foráneos que nunca se integran, como en Galicia.

- ¿Cómo nos adaptaremos os galegos ás autoestradas da información?

- Fernando Pardo dicía que si Galicia non é máis do que é no eido tecnolóxico é porque non tivo a necesidade, porque non viviu nun mercado liberalizado. Na feira de Silleda hai un ordenador que casa ofertas e demandas de algo tan primitivo como os cuxos. Se eso xa se produciu no máis profundo da Galicia "primitiva", por que non habemos crer que o esforzo que fixo a Xunta porque haxa un salto cuántico no entorno das telecomunicacións se converta nunha realidade. Os problemas de Galicia son doutra índole.

- ¿Cre que a xente é demasiado allea á técnica, que a utiliza pero non a entende?

- Nós vivimos nun entorno social no que a técnica produce manifestacións e susto ou de aparente desprezo. O que é un feito é que todo o mundo quere vivir por contas da técnica. Todo vale mentres conduza a algo, pero sen asoballar ós demáis.